



FONDO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR para o curso 2020/21.

Estimados pais:

Informámoslles que hoxe martes día 19 de maio publicouse no DOG a orde pola que se regula a participación **NO FONDO DE LIBROS DE TEXTO E AS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR para o curso 2020/21.**

Participación no **FONDO DE LIBROS DE TEXTO:**

- ⇒ Para o alumnado matriculado no curso 2020/21 en **3º, 4º, 5º e 6º E. Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º ESO.**
- ⇒ **Sen límite de renda**
 - As familias con renda igual ou inferior a 6.000 € terán garantidos 6 libros.
 - As familias con renda superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € terán garantidos 4 libros.
 - As familias con renda superior ou igual a 10.000 € dependerá das existencias de exemplares de libros de texto que dispoñamos no fondo de libros do colexio.
- ⇒ **Para os cursos 3º e 5º de E. P. os libros serán novos, polo que só haberá libros para as familias con renda inferior ou igual a 10.000 €.**
- ⇒ **Publicación de listaxes definitivas** de libros adxudicados a cada alumno (*no taboleiro de anuncios da portería do colexio da rúa Ecuador*):
 - Educación Primaria: **do luns 20 de xullo ata o 31 de xullo e a partir do 17 de agosto.**
 - Educación Secundaria: **luns 14 de setembro 2020.**
- ⇒ **Recollida dos libros:**
 - Tanto para E. Primaria como para a ESO será no mes de setembro. Avisarémolles das datas exactas e do procedemento a seguir para a súa recollida a finais do mes de agosto ou principios do mes de setembro.

AXUDAS LIBROS DE TEXTO:

- ⇒ Para o alumnado matriculado no curso 2020/21 en **1º e 2º de E. Primaria.**
- ⇒ **Límite de renda 2018: 10.000 €.**
- ⇒ **Recollida dos vales: do luns 20 de xullo ao venres 31 de xullo** na portería da rúa Ecuador, en horario de 11.00 h. a 13.00 h; e a partir do luns 17 de agosto na secretaría do colexio de 11 a 13 h (entrada pola rúa Colmeiro Laforet).

AXUDAS MATERIAL ESCOLAR:

- ⇒ Para o alumnado matriculado no curso 2020/21 en calquera curso de **E. Primaria e ESO.**
- ⇒ **Límite de renda 2018: 6.000 €.**



⇒ **Recollida dos vales:**

- **E. Primaria: do luns 20 de xullo ao venres 31 de xullo na portería da rúa Ecuador**, en horario de 11.00 h. a 13.00 h; e a partir do luns 17 de agosto **na secretaría do colexio de 11 a 13 h** (entrada pola rúa Colmeiro Laforet).
- **ESO: A partir do luns 14 de setembro na secretaría do colexio de 11 a 13 h** (entrada pola rúa Colmeiro Laforet).

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- ⇒ *As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (www.edu.xunta.es/fondolibros) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (sede.xunta.gal)*
- ⇒ *No caso de ter algunha dificultade, poderase presentar a solicitude **na secretaría no centro en horario de 9.30 h. a 13.30 h (entrada pola rúa Colmeiro Laforet)***
- ⇒ *Formulario ED330B Anexo I e II (Portal Educativo, www.edu.xunta.gal)*

⇒ **O prazo límite** para presentar as solicitudes é o **19 de xuño do 2020.**

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

Ten que corresponder **á situación da familia a 31 de decembro do 2018.**

- Anexo I: cuberto e asinado correctamente.
- Anexo II: comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.
- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2018, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Calquera outra documentación xustificativa.

Máis información no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/fondolibros>

IMPORTANTE: Lembrade que para poder acceder á secretaría do centro deberán traer mascarilla e entrar pola rúa Colmeiro Laforet.

O CENTRO PERMANECERÁ PECHADO DESDE O DÍA 1 DE AGOSTO ATA O 16 DE AGOSTO, ÁMBOLOS DOUS INCLUIDOS.

Aproveitamos a ocasión para enviarlles unha aperta

O Equipo Directivo